



Defendemos o ensino público

Contra os que imponen as súas regras

ADOUTRINAMENTO
REVÁLIDAS
PRIVADO
SEGREGADOR



RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN, CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 25 DE NOVIEMBRE DE 2015 NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE CAMPOLONGO.

Asisten representantes de ANPE, CIG, CCOO, CSIF, FETE-UGT e STEG. Pola Administración, o Xefe Territorial, o Xefe do Servizo Xurídico e o Secretario.

Comeza a xuntanza ás 10.15 horas coa seguinte orde de traballos:

1. Lectura e aprobación das actas anteriores de 17 de xuño, 1 de xullo, 2 de setembro, 23 de setembro e 21 de outubro.

Logo de facer algúns matices por parte de ANPE e CIG ao texto provisorio das actas, apróbanse por asentimento as correspondentes ás xuntanzas de 17 de xuño, 1 de xullo, 2 de setembro e 23 de setembro. Fica pendente a de 21 de outubro.

2. Asuntos pendentes das xuntanzas anteriores.

2.1. Orde de avaliación e programacións. Compromiso de flexibilidade. Obriga de gravar probas orais.

STEG demandara na anterior xuntanza aclaración sobre o dito por unha inspectora nun centro de secundaria da provincia a respecto da teórica obrigatoriedade de gravación dos exames orais. O XT resposta que a obriga de gravación só rexe para as probas orais das Escolas Oficiais de Idiomas, debendo entenderse o dito pola inspectora en cuestión como unha recomendación, especialmente para Linguas Estranxeiras, que axudaría a evitar situacións conflitivas nas cualificacións cando medien ese tipo de probas das que non fica constancia escrita.

STEG sinala que, mesmo entendendo a conveniencia ou idoneidade de facer esas gravacións “voluntarias” de probas orais, non sería de recibo que a Consellaría non dotase previamente dos medios e protocolos correspondentes aos centros, aos departamentos ou ao profesorado concernido, como tampouco ten moita lóxica que esa recomendación se faga nuns centros pero non noutros.

CC.OO. pregunta se non habería que pedir autorización aos titores legais do alumnado menor de idade para facer esas gravacións e o XT resposta que entende que non, pois trataríase dun acto estritamente académico e interno.

CIG pregunta pola data de publicación da demoradísima Orde de avaliación para Primaria e o Xefe Territorial sinala que coida que vai saír o mes que vén (decembro). CIG informa tamén ao XT de que está a desenvolver unha campaña de recollida de sinaturas sobre a problemática da elaboracións das programacións LOMCE.

Varias OO.SS. denuncian que non está accesíbel no web da Consellaría o modelo de Programación LOMCE para Primaria, a diferenza do de Secundaria, que está ben doado de localizar, e solicitan que se corrixa canto antes esa situación.

2.2. Problema co cesamento do profesorado CPMUS CSMUS de Vigo. Renovouse a todo o profesorado a comisión de servizos?

CCOO e ANPE preguntan por esta cuestión e resposta o Xefe do Servizo Xurídico sinalando que se vai tramitar en breve a corrección deses cesamentos para todas e cada unha das persoas afectadas, non só para as que reclamaron expresamente.

ANPE sinala que coñece un caso en concreto en que non se lle renovou a comisión de servizos e que está por iso reincorporada esa persoa ao CPMUS. O XT replica que a concesión de comisións de servizos ten o seu propio prazo para presentar alegacións e reclamacións e que, de terse cometido algunha inxustiza, esa persoa en cuestión debería ter feito no seu momento as alegacións que estimase pertinentes.

2.3. Reclamación CPMUS de Pontevedra sobre nomeamento da dirección non contestada pola administración.

CCOO pregunta por esta cuestión e o XT resposta que non lle consta que se tivese presentado tal reclamación. O Xefe de Servizo apunta a posibilidade que esa “reclamación” fose en realidade unha “alegación” diante da Comisión seleccionadora encargada do proceso de nomeamento de dirección para ese centro. Cabería concluír entón que esa alegación foi desestimada pola Comisión. O representante de CCOO comprométese a recabar máis información sobre o tema.

2.4. CIFP A Xunqueira. Protesta por horarios non legais.

CIG denuncia que no citado centro existen varios horarios ilegais, con máis de 21 horas lectivas e que todos os profesores afectados son interinos. Tamén indica que

hai denuncia por escrito desta situación por parte dun Departamento, o de Transporte e esixe da XT que non admita eses horarios ilegais.

O XT replica lendo un informe elaborado polo inspector que corresponde a ese centro. Son só 3 os profesores que están no caso de ter un horario de maior nº de horas lectivas: 1 de Madeira con destino definitivo que pediu voluntariamente dar 21 horas lectivas, 1 interino con 19 horas que pediu tamén el mesmo subir a 21 lectivas e finalmente 1 profesora de FPDual que leva 10 horas en tres módulos de especialidades diferentes e que ten en total 22 horas. A norma admite que opcionalmente e de xeito voluntario o profesorado poida ir a 22 horas, quedando, iso si, liberado das horas complementarias.

CIG replica que coñece máis casos de horarios ilegais que eses tres citados no Informe e reclama que se indique en que decreto ou norma se establece esa posibilidade de horarios lectivos por riba do número máximo de 21. O tema fica sobre a mesa para unha vindeira reunión.

2.5. Problemas internet IES A Basella.

STEG preguntara xa en anteriores xuntanzas por esta cuestión, que no día anterior á convocatoria desta xuntanza de hoxe seguía sen resolverse. No día de onte ao parecer un técnico de R desprazouse ao centro e estaba a facer as conexións necesarias para mellorar a conectividade.

2.6. Secretaría CEIP Fonte Escura, de Vigo.

O XT informa que, tras a reclamación formulada na xuntanza anterior por STEG, estudou o caso deste centro e acordou darlle vía ao nomeamento dunha secretaria para este curso 2015-16, nomeamento que xa está entregado. Como hai na provincia algún que outro caso semellante, como é o do colexio das Bizocas (Ogrove), tamén contempla a necesidade de facer ese nomeamento nese caso. No futuro entende que o criterio para conceder ou non secretaria nun centro debería ser o das unidades de funcionamento.

3. Pingueiras no pavillón reformado do IES Ramón Cabanillas de Cambados.

STEG pregunta polas incidencias que padece o pavillón “Alejandro García Fariña” do IES de Cambados despois de que no verán se realizasen obras de reforma no mesmo. Alude, en concreto, a pingueiras na pista por deterioro da cuberta, ausencia de barras de apertura de emerxencia nas portas ou carencia de vestiarios.

O XT replica que a responsabilidade absoluta e íntegra desas obras tena a Deputación Provincial de Pontevedra, que correu co 100% dos gastos, contratación, etc. É ese organismo o que lle está a reclamar á empresa que fixo as reformas a subsanación das deficiencias. Tamén ten constancia de que o Concello solicitou e a

Consellaría autorizou unhas obras no recinto escolar para mellorar o tema dos vestiarios do pavillón.

4. CEIP A Escardia. Problemas de alumnado sen diagnosticar.

CCOO pregunta pola existencia de problemas convivenciais no CEIP A Escardia de Vilagarcía ante a falla de diagnose dun alumno que é probábel TDH. O XT replica que xa está ao tanto da situación e que, efectivamente, hai un único caso problemático. O Equipo de Orientación Específico examinará en breve o caso dese alumno e adoptarase a resolución que sexa máis conveniente, sempre dentro do espírito da norma que indica que se debe apostar pola inclusión e a normalización deste tipo de alumnado.

5. CEIP Marcos da Portela. Zonificación.

CIG pregunta por esta cuestión e o XT responde que están estudando unha solución para esa zona de Valdecorbos. Comprométese a aclarar nunha vindeira xuntanza se o alumnado da escola infantil de Valdecorbos tería como primeiro centro de referencia ou non o CEIP Marcos da Portela.

6. Cheiros no E.P.A. Berbés de Vigo.

CIG comenta que o centro remitiu en xaneiro de 2015 un escrito á Prevención de Riscos Laborais denunciando que se producían cheiros fortes en catro aulas do centro e demandando unha inspección técnica que determinase a causa deses cheiros.

O XT sinala que xa foi a Unidade Técnica a inspeccionar o centro e que no seu informe descarta que os cheiros se deban a razóns estruturais do edificio. A causa haina que buscar no uso de determinados produtos de limpeza e hixiene, de maneira que a solución pasa, en principio, por que o centro lle pida á empresa encargada da limpeza que mude eses produtos por outros menos agresivos.

7. CIFP A Xunqueira. CM Atención a Dependencia. Prácticas do alumnado en Ballesol.

FETE critica que se conceda prácticas na empresa privada antes que no sector público e solicita garantías de que determinadas empresas non abusen e substitúan fraudulentamente traballadores/as por estudantes en prácticas.

O XT replica que hai suficientes filtros e garantías para que iso non suceda, comezando polo propio titor ou coordinador de prácticas do centro dese alumnado, que podería denunciar inmediatamente á Consellaría unha situación así, se se dese o caso.

8. Preocupación dos centros de Marín pola concesión de comedor escolar ao CPR Sagrado Corazón de Placeres.

FETE transmite a preocupación dos colexios públicos de Marín diante da apertura dun comedor escolar no colexio privado concertado do Sagrado Corazón, na medida en que pode detraer alumnado para eses colexios públicos.

O XT sinala que el non concedeu nin deixou de conceder autorización para ese comedor, que é responsabilidade exclusiva da empresa dona dese centro e que terá os permisos correspondentes da Unidade Técnica e de Sanidade sempre e cando cumpra cos requisitos legais establecidos. A Consellaría, indica, non ten arte nin parte nese comedor.

9. Rolda de intervencións.

FETE pregunta polo protocolo de emerxencias médicas nos centros educativos que a Consellaría está elaborando e, máis concretamente, polo que se contempla nese borrador acerca da figura da “persoa coordinadora”. Se non hai voluntarios/as, como fará a Administración? O XT contesta que a persoa coordinadora en principio será nomeada polo Consello Escolar e a Dirección do centro, pero se se dese o caso de que non houberse voluntarios/as para ese mester, asumiría esas funcións a Dirección.

FETE indica que no IES de Montecelo hai neste intre un 61% de profesorado sen praza definitiva no centro e que iso supón unha taxa de inestabilidade inasumíbel. O XT está conforme con esa apreciación e pretende comezar a estabilizar ese plantel de centro sacando no próximo concurso varias vacantes para adxudicación definitiva.

CSIF demanda que se clarifique o protocolo en caso de accidente “in itinere”.

CSIF denuncia o mal funcionamento das listas de substitucións nalgunhas especialidades. Coñece dous casos, cando menos, de persoas chamadas a facer substitucións antes que outras que estaban por riba delas nas listas. A Consellaría contesta que foi un erro.

ANPE pregunta se vai haber cambio de criterio por parte da XT, tras a promulgación da Lei do Emprego Público, na aplicación da Orde de licenzas e permisos ata agora vixente, concretamente no relativo ás enfermidades leves de ata 3 días. O XT resposta que non.

STEG pregunta polo procedemento que debe seguir a EOI de Vigo para desfacerse de toda unha serie de material inventariado que ficou obsoleto e/ou xa non serve. O XT indica que está pendente da resposta que lle dean na Consellaría en Santiago sobre o particular, mais entende que os pasos a dar, como mínimo, son os seguintes: facer unha relación completa do material inventariado que está nesa situación de obsolescencia, proceder a dalo de baixa no inventario de material do

centro e indicar claramente a que entidade, institución, empresa, ong, etc. vai ser destinado ese material en caso de que se queira reubicar para reutilizar.

STEG transmite á XT que recibiu na súa sede en Pontevedra un escrito anónimo por correo con denuncias sobre presuntas irregularidades nun colexio privado de A Estrada, por se houbese lugar a que se investiguen. O XT resposta que xa ten constancia dese escrito.

STEG pregunta se a XT podería axudar economicamente ao IES Castelao a afrontar un gasto extraordinario que ten a ver cunhas árbores que hai na entrada do instituto, que deben ser podadas para evitar que causen unha desgraza mais que requiren para iso a contratación de maquinaria especializada. O XT indica que a dirección do centro lle envíe un escrito de solicitude en tal sentido, explicando os pormenores, e que estudará a posibilidade de conceder ese “extra” económico.

CIG comenta o caso dun nomeamento como substituta dunha profesora de Filoloxía Francesa no IES Carlos Oroza, para cubrir a vacante deixada por un compañeiro, por xubilación. CIG entende que o nomeamento debe ser como interina e polo que resta de curso, e non como substituta. O XT responde que se trata dun caso especial, pois o alumnado da FPDual a quen lle imparte clase esa profesora pasa a facer as prácticas de empresa a partir de xaneiro, de maneira que esa praza de Francés xa non se necesitará. CIG replica que esa profesora ten máis horas no seu horario que as de docencia na FPDual, de maneira que estudará a posibilidade de presentar un recurso formal contra ese nomeamento como substituta.

CIG pregunta pola decisión da Inspección de obrigar á profesora de AL do CEIP Outeiro das Penas a completar horario na EEI de San Pedro de Cesantes. Trátase dunha persoa con destino definitivo no CEIP e con horario de 21 horas nese centro. CIG entende que se debe dotar de AL a EEI de Cesantes, pero non obrigar a que sexa a AL do CEIP quen atenda esa necesidade. O XT replica que, segundo o informe da Inspección, a profesora de AL ten 21 horas, si, pero 4 delas non son con tarefas propias da súa especialidade. Envíase esas catro horas á EEI, que ademais está adscrita a ese CEIP, precisamente.

CIG pregunta polo rexeitamento da solicitude de vivenda dunha profesora do Torre Illa. Neste intre, dun total de 8 vivendas, 6 están ocupadas e 2 libres e hai 3 solicitudes presentadas. O XT responde que non se concederá ningunha vivenda máis nese colexio porque está en previsión a ampliación do mesmo precisamente con afectación desas vivendas.

E non habendo máis temas que tratar, levantouse a reunión sendo as 12.20 horas.